

Todo Novoneyra

Residencias de lingua e terra

MARÍA NAVARRO

Dentro da colección "Clásicos" en voces contemporáneas e catalogado como temática de medio cultural, Everest Galicia publica *Do A ao Z con Uxío Novoneyra*, un volume no que Francisco Fernández Naval ofrece os lectores unha escolma de poemas do escritor homenaxeado nas letras galegas de 2010 e no que a frescura e amabilidade das composicións apuntan directamente aos sentidos sensibles coa natureza e interesados na expresión fermosa feita palabra.

Seguindo o esquema deseñado para

vos a Galicia nas súas verquentes lingüística como "Fala", político-social como "Nacionalismo" ou "Galicia" e un grupo de composicións onde destaca a reflexión por riba de ideoloxías sectarias como "Liberdade", "Camiño", "Vietnam" ou mesmo "Silencio".

Trátase dun volume no que os rapaces terán a oportunidade de entender cales eran as inqedanzas do poeta. Home atento ao espazo e ao tempo que lle tocou vivir e que tentou canalizar o seu saber en varias fronteiras: a da lingua silenciada, a da terra marxinalizada, a das xentes resignadas ou mesmo a dos homes afoga-

dos, superando atrancos físicos e ideolóxicos coa palabra como instrumento.

O percorrido que Uxío Novoneyra realizou, dende os seus primeiros poemas publicados en revistas literarias a partir de 1950 ata o seu derradeiro libro *Arrodeos e desvíos do camiño de Santiago e outras rotas* en 1999, marcou un espazo literario de indubidable calidade e amosou aos seus concidadáns e xeracións futuras que a nosa lingua é "a nosa patria", porque "residimos tanto na lingua coma na Terra", porque se preocupou por sentir a terra integrándose intensamente nela e porque o seu compromiso co ser humano traspasaba fronteiras.

Canda obras de recoñecido prestixio como *Os Eidos*, *Eleixias do Courel e outros poemas*, *Poemas caligráficos* ou *Do Courel a Compostela* publica tamén outros destinados a un público infantil como *O cubil do Xabarín*, *Gorgorín e Cabeazón* ou *Ilda, o lobo, o corzo e o xabarín*, libros todos eles nos que transmite o mesmo amor á terra e á Fala que depositaba nos volumes de máis complexa feitura.

FERNÁNDEZ NAVAL, Francisco, *Do A ao Z con... Uxío Novoneyra*, Ed. Everest, A coruña, 2010, PVP 7,75 €



esta colección, un conxunto de vinte-tres poemas, tantos coma letras ten o abecedario, representan o universo literario de Novoneyra. Así xunto a poemas de ambientación e temática paisaxística como "Auga", "Bidueiro", "O Courel", "Devesa", "Río" ou "Ucedo" aparecen outros adicados a escritores consagrados, "María Mariño" ou "Otero Pedrayo", outros relati-

2 7 8 5 9 K

Cada xoves chega a luz do

Faro da Cultura

FARODE VIGO
Cada día máis

Federación de Bandas de Música Populares de Vigo

AULAS DE MÚSICA NAS BANDAS

piano • corda • vento • percusión

A partir de 4 anos

Grupos de adultos

Horarios flexibles

Matriculación aberta Curso 2010-2011

información xeral 610887916

FEDERACIÓN DE BANDAS DE MÚSICA POPULARES DE VIGO

Cursos subvencionados por:

Concellería de Cultura e Animación Sociocultural do Concello de Vigo

Tenencia de Alcaldía do Concello de Vigo

AGRU
ATLÁN
Telé
UNIO
V
Telé
ESCOLA D
Telé
UNIÓN M
Telé
LIRA DE
Telé
ESCOLA I
Telé
UNIÓN M
Telé
ATENEO M
Telé
AS DE
Telé